

abaixo e á esquerda
está o corazón

Altermundo

GALICIA HOXE | DOMINGO, 6 | MARZO 2011



IGNACIO RAMONET
Presidente de
Mémoire des
Luttes

Para ambas as dúas cuestións, as respostas son de diversa natureza: histórica, económica, climática e social.

1. Histórica.

Despois do fin da Primeira Guerra Mundial e a implosión do Imperio Otomano, o interese das potencias occidentais no Próximo Oriente e na África do Norte respondeu a dúas constantes: o control dos xacementos de petróleo e garantir un fogar nacional xudeu. Tras a Segunda Guerra Mundial e o trauma universal do Holocausto, a creación do Estado de Israel en 1948 tivo como contrapartida, nalgúns Estados árabes liberados do colonialismo, a chegada ao poder das forzas antisionistas –opostas á existencia de Israel– alegando dúas ideoloxías distintas: “militar-nacionalista” en Exipto, Sudán e Iemen, e “árabe socialista” en Iraq, Siria, Libia e Alxeria.

Tres guerras perdidas contra Israel (1956, 1967, 1973) van levar a Exipto e mais a Xordania a asinar os tratados de paz co Estado xudeu e a se aliñar cos Estados Unidos, que xa exercían –como parte da Guerra Fría– unha influencia decisiva sobre as monarquías do petróleo da Península Arábiga, así coma no Líbano, Tunisia e Marrocos. Así, Wáshington e os seus aliados occidentais mantiveron os seus dous obxectivos principais: o control do petróleo e a seguridade de Israel. A cambio, garantiron a permanencia no poder de déspotas crueis –o rei Hassan II, o xeneral Ben Alí, os xenerais Sadat e Mubarak, os monarcas sauditas Faisal, Fahd e Abdullah, etc.

2. Política. Nos Estados do chamado “socialismo árabe” (Iraq, Siria, Libia, Alxeria), baixo os cómodos pretextos da “loita contra o imperialismo” e “caza de comunistas”, ditaduras de partido único tamén foron establecidas, gobernadas con man de ferro por antolóxicos tiranos –Saddam Hussein, El Assad pai e fillo, e Muammar el Kadhafi, o máis delirante de todos). Autocracias que garantían, por outra banda, o abastecemento de petróleo das grandes potencias e realmente non ameazaban a Israel –cando Iraq parecía favelo, foi inmediatamente destruído. Así, as aspiracións democráticas das sociedades árabes foron sufocadas baixo un manto de silencio e terror.

As vagas de democratización sucedíanse, no entanto, no resto do

CINCO CAUSAS DA INSURRECCIÓN ÁRABE

Cales son as causas do furacán de liberdade que, dende Marrocos a Bahrein, pasando por Tunisia, Libia e Exipto, sopra no mundo árabe? Por que eses desexos simultáneos de democracia precisamente neste intre?

mundo. As ditaduras desapareceiron, na década de 1970, en Portugal, España e Grecia. Máis tarde, en 1983, en Turquía. Despois da caída do Muro de Berlín en 1989, a Unión Soviética e o “socialismo real” de Europa Oriental colapsaron. En América Latina, unha tras outra, todas as ditaduras militares foron varridas na década de 1990. Namentres, non moi lonxe da Unión Europea, coa complicidade das potencias occidentais –entre elas Francia–, as sociedades árabes ficaron nun estado de glaciación autocrática.

Como os déspotas da rexión non toleraban ningunha forma de expresión crítica, a protesta refuxiouse no único lugar de reunión non prohibido: a mesquita. E ao redor do único libro non censurable: o Corán. Así se consolidaron os islamismos. A doutrina máis reaccionaria foi espallada

por Arabia Saudí co apoio de Wáshington e os seus aliados, que vían un argumento para manter os pobos árabes na “submisión” –significado de “Islam”. Con todo, e especialmente despois da “evolución islámica” iraniana de 1979, un islamismo político ía florecer coas ensinanzas do Corán de sólidos argumentos para esixir xustiza social e loitar contra a corrupción moral, o nepotismo e a tiranía. Deste tronco común van xurdir pólas máis radicais, decididas a conquistar o poder a través da violencia, o terror e a “guerra santa”. Dunha delas naceu Al Qaeda...

Tras os atentados do 11 de setembro de 2001, as potencias occidentais, en convivencia cos “ditadores amigos” locais, atoparon unha nova razón para manter baixo control a sociedade árabe: o medo ao islamismo. No canto de comprender que era unha consecuencia da falta de liberdades e da multiplicación de inxustizas, reforzaron a arbitrariedade, o despotismo e a represión...



3. Económica. Varios países árabes experimentaron recentemente o impacto da crise global iniciada en setembro de 2008. Milleiros de traballadores deses Estados, emigrados a Europa, perderon o seu traballo. O volume de remesas cara as familias que permanecían nos seus países –que é unha das principais entradas de divisas, por exemplo en Marrocos, en Tunisia, en Exipto...– diminuíu significativamente. A industria do turismo –fundamental tamén para Exipto, Tunisia, Marrocos e Xordania– desintegrouse. O prezo do petróleo –nas últimas semanas por causa da revolta popular en Libia– rebaxouse novamente?

Simultaneamente, o Fondo Monetario Internacional (FMI), impuxo, especialmente en Tunisia, Libia e Exipto, severos programas de

privatización dos servizos públicos, unha redución drástica dos orzamentos estatais, unha diminución no número de funcionarios... plans de axustamento estrutural que van deteriorar aínda máis as condicións de vida das persoas. E degradar sobre todo o estado das clases medias urbanas –aqueles que teñen acceso precisamente a ordenador, a teléfono e ás redes sociais– ameaza con mergullalas na pobreza.

4. Climática. Neste contexto, xa de por si explosivo, aconteceu, o verá pasado, nunha zona remota do mundo árabe, un desastre ecolóxico. Mais o planeta é só un. Durante varias semanas, Rusia, un dos principais exportadores mundiais de cereais, coñeceu a peor onda de calor e incendios na súa historia. Consecuencia: a perda dun terzo da súa

colleita de trigo... Moscova decidiu suspender a exportación de cereais –que tamén son utilizados para alimentar o gando–, cuxos prezos axiña aumentaron un 45%. O andazo axiña afectou os prezos dos alimentos comúns: pan, leite, carne, polo... E provocou, a partir do outono de 2010, o meirande aumento dos prezos dos alimentos dende 1990. É a segunda crise alimentar mundial en tres anos... No mundo árabe, importador masivo de alimentos, as manifestacións contra os altos prezos comezaron a se multiplicar...

5. Social. Engadamos a todo o precedente unha poboación moi nova e moi numerosa. Explosivos niveis de desemprego. Un acaparamento dos mellores postos de traballo por parte dos familiares dos clans no poder. Unha incapacidade de emigrar porque a UE ten protexidas as súas fronteiras e estableceu acordos con insolentes tiranos locais que son responsábeis do “traballo sucio” para conter os inmigrantes clandestinos...

Faltaba unha faísca para queimar a pradería. Había dúas. Ambas en Tunisia. Primeiro, o 17 de decembro de 2010, a auto-inmolación con lume de Mohammed Bouazizi, un licenciado desempregado que se converteu en vendedor de froitas, e que, publicamente, puxo fin aos seus días como un sinal para denunciar a corrupción e o nepotismo. Entón, as espectaculares revelacións achegadas polo Wikileaks repercutiron nos teléfonos portátiles, redes sociais –Facebook, Twitter–, correos electrónicos e na canle Al-Jazeera, a realidade do sistema de explotación mafiosa establecido polo clan Ben Alí Trabelsi.

O papel das redes sociais resultou determinante. Foron quen de atravesar o muro do medo. Permitindo saber de antemán que milleiros de persoas se van reunir para manifestar o día D, á hora H, no lugar L, as redes sociais achegan unha garantía de que un non vai acabar só na protesta, ficando exposto individualmente á represión do sistema. O histórico éxito da estratexia tunisiana ía estremecer o mundo árabe. ●



UNHA ESTRATEXIA ALTERMUNDISTA

Publicamos un extracto del libro "Une stratégie altermondialiste" (*La Découverte*, 2011) de Gustave Massiah, un dos máis salientábeis membros europeos do Consello Internacional do Foro Social Mundial. O autor achega unha ducia de hipóteses sobre as estratexias inherentes ao altermundismo, ese movemento de movementos que dende principios da década de 1990 está a contribuir coma ningún outro a mudar o ambiente ideolóxico do planeta, a buscar o outro mundo posíbel.



GUSTAVE MASSIAH
Economista.
Ex presidente do CSIR e ex vicepresidente de ATTAC

Para evidenciar a coherencia e os temas controvertidos da estratexia do movemento altermundista, propomos doce hipótese sobre a análise da situación actual e sobre os proxectos de transformación priorizados polo movemento altermundista.

Primeira hipótese

A situación caracterízase por unha crise global. É ante todo unha dobre crise interrelacionada: a do neoliberalismo e a do capitalismo. É unha crise do neoliberalismo como fase neoliberal da mundialización capitalista. Esta fase, que comezou a inicios dos anos 80, está hoxe esgotada. É unha crise do sistema capitalista en si, iniciada pola profunda crise que vivimos actualmente. Esta crise, multidimensional abre unha posibilidade de ruptura dun ciclo moito máis longo, de máis de cinco séculos; que construíu unha civilización capitalista e occidental.

Segunda hipótese

A crise actual, que se presenta como unha crise financeira, monetaria e económica, ten fundamentos moito máis profundos. É unha crise social, democrática, xeopolítica e ecolóxica, e de

emerxer os problemas non resolto das anteriores crises, que a dinámica do capitalismo conseguiu reter sen darlles solución.

Terceira hipótese

O movemento altermundista contén unha lóxica antisistémica con relación á lóxica dominante. Con relación á lóxica do sistema neoliberal, o altermundismo cuestiona a subordinación á racionalidade do mercado mundial de capitais e o axustamento estrutural de cada sociedade ao ese mercado. Con relación á lóxica sistémica do capitalismo, cuestiona a propia natureza do crecemento e da mercantilización, en constante aumento, subordinando todos os aspectos da vida á procura do lucro. A través das resistencias, as loitas sociais e cidadás, a contestación cultural e a batalla das ideas o altermundismo contribuíu a profundar as contradicións do sistema e á súa crise.

Cuarta hipótese

O altermundista é un movemento histórico de emancipación que prolonga e renova os movementos históricos dos períodos anteriores: os da descolonización; os das loitas sociais polas liberda-

des e o ecolóxico. Retoma tendencias de longa data redefinindo os desafíos a partir do cuestionamento por parte do neoliberalismo de equilibrios históricos. O movemento histórico da descolonización cuestionou o equilibrio e o sentido do mundo. Foi combatido polo neoliberalismo coa xestión da crise da débeda, os programas de axustamento estrutural e a perversión dos réximes dos países descolonizados. O movemento histórico polas liberdades e pola igualdade transformou o mundo co século

Quinta hipótese

A orientación estratéxica do movemento altermundista é o acceso aos dereitos para todos e a igualdade de dereitos a escala mundial. Cobra todo o seu sentido co imperativo democrático. Esta orientación caracteriza a natureza antisistémica do movemento. Opón o acceso aos dereitos para todos á lóxica do neoliberalismo. Opón a igualdade de dereitos a opresión e a lóxica do capitalismo. Á afirmación de que non podemos organizar o mundo senón a partir da regulación polo mercado mundial de capitais, o movemento contesta que podemos organizar cada sociedade e o mundo a partir do acceso aos dereitos para todos. Á afirmación de que non podemos organizar o mundo senón a partir de relacións sociais determinadas pola propiedade do capital, o movemento responde que podemos organizar cada sociedade e o mundo baseándonos na igualdade de dereitos. A orientación estratéxica sobre o acceso aos dereitos está necesariamente relacionada co imperativo democrático, que cobra unha intensidade particular no período actual, no que as liberdades están en dúbida e onde a igualdade é cuestionada como valor.

Sexta hipótese

O altermundismo reivindica a implementación de catro xera-

cións de dereitos que foron creados por cada un dos movementos históricos: os dereitos civís e políticos; os dereitos económicos, sociais e culturais; os dereitos dos pobos; e os dereitos ecolóxicos. Cada período histórico retomou para si, completou e renovou os dereitos formalizados nos anteriores períodos. As grandes declaracións do século XVIII explicitaron e formalizaron os dereitos civís e políticos. E a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) completounos. Os dereitos das mulleres renováronos. A isto sumouse o rexeitamento dos totalitarismos e a articulación dos dereitos individuais e os dereitos dos pobos. Os dereitos económicos, sociais, culturais e ambientais foron priorizados pola DUDH e completados polas políticas públicas da posguerra e polo Pacto Internacional de dereitos económicos, sociais e culturais (PIDESC). Os dereitos dos pobos, sobre todo os dereitos á autodeterminación, ao control dos recursos naturais e ao desenvolvemento, foron formalizados pola ONU e explicitados na Carta dos Dereitos dos Pobos. Unha cuarta xeración de dereitos está en xestación. Abrangue os dereitos "ecolóxicos" e corresponde á redefinición das relacións entre a especie humana e a Natureza. Inclúe os dereitos a controlar a mundialización e a renovación dos dereitos civís e políticos, fundamentalmente os dereitos dos migrantes e da libre circulación. Abrangue tamén a renovación dos dereitos no marco dun universalismo universal.

Sétima hipótese

O movemento altermundista, formado pola converxencia de movementos sociais e cidadáns, prioriza unha cultura política baseada na diversidade e a horizontalidade. A diversidade procede da lexitimidade de todos os movementos que loitan contra a opresión e que inscriben esta loita nun proxecto de emancipación. O movemento puxo en marcha un proceso, o dos foros sociais mundiais; os cales organízanse en base aos principios das actividades autosexionadas, ao rexeitamento das autoridades autoproclamadas, á procura de consensos e á democracia participativa. A referencia a "un outro mundo posíbel" expresa o rexeitamento da fatalidade, das teorías do "fin da historia", da "guerra de civilizacións" e da pretensión neoliberal "there is no alternative".

Oitava hipótese

As bases sociais do altermundismo e as súas alianzas dependen dos desafíos do período, das saídas que se presentan á crise: o neoconservadorismo de guerra; a refundación do capitalismo a través dun "Green New Deal"; a superación do capitalismo. As bases sociais no caso do neoconservadorismo de guerra incum-



O movemento altermundista prolonga e renova moitos movementos sociais históricos, que converxen para se enfrontar ao neoliberalismo e ao capitalismo

CONCLUSIÓN: REFORMA E REVOLUCIÓN

Desde a década de 1990, o movemento altermundista emerxeu como unha das principais forzas de transformación do mundo. Mais se coa crise do capitalismo global foron confirmadas as súas acaídas análises, moitos se preguntan agora sobre as perspectivas deste movemento, que algúns pensan que debe atopar, cando menos, un "novo alento". De aí o interese deste libro publicado o pasado xaneiro pola editorial *La Découverte*, no que Gustave Massiah, un dos principais actores no altermundismo europeo e mundial durante os últimos anos, amosa tanto as múltiples facetas, moitas veces esquecidas, dunha nebulosa particularmente dinámica, como propón os diferentes eixes estratéxicos para o futuro desenvolvemento do chamado movemento de movementos.

Para Massiah, coñecido nos ambientes altermundistas como Gus, a crise económica global aberta en 2007 non é só unha crise do neoliberalismo, senón tamén dos propios fundamentos da globalización capitalista. Amsa claramente como a resistencia "antisistémica" dos altermundistas e da abrida hoxe unha alternativa ao neoliberalismo, baseado máis ca nada na demanda do igual acceso de todas as persoas aos dereitos fundamentais. Asemade, expón ás dúas grandes cuestións estratéxicas ergueitas no movemento dende o principio: a relación co poder e a política; e as bases sociais e as alianzas para a mudanza social, ecolóxica, cultural e política. E insiste especialmente nas oportunidades abertas pola crise do sistema para artellar as prácticas alternativas e políticas públicas, para así permitir a aparición dunha solidariedade rexional a grande escala, e mañá, dun novo sistema internacional no que impere a xusticia social global.



Estruturado en oito capítulos, que analizan a lóxica dominante, a evolución do altermundismo e as oportunidades que se lle presentan, conclúe que se debe combinar o continuismo con moitas reformas e con outras tantas rupturas ou revolucións.
+INFO: www.editionsladecouverte.fr



ta ruptura e o seu control posíbel constitúen a aposta fundamental de todo cambio social. O debate sobre as orientacións xerais e as aplicacións nas situacións específicas está no centro dos debates do movemento altermundista.

Décima hipótese

A crise global abre oportunidades para o movemento altermundista. Estas articulan, de xeito urxente, un programa de melloras inmediatas, a máis longo prazo, un espazo de transformación radical. As oportunidades permiten identificar, seguindo varios grandes eixes, as melloras inmediatas posibles, por unha banda, e pola outra, as transformacións radicais en termos de novas relacións sociais, de fundamentos de novas lóxicas e de liñas de ruptura. A regulación pública e cidadá permiten redefinir as políticas públicas; abren a discusión sobre as formas de propiedade e sobre a evolución fundamental do traballo. A redistribución das riquezas e o retorno do mercado interno abren a posibilidade dunha estabilización do asalariado, dunha garantía de ingresos, dunha protección social e un mellor acceso dos servizos públicos; permite a igualdade de acceso aos dereitos e a relación entre o status social do asalariado e a súa evolución desde o punto de vista da relación social. A urxencia ecolóxica precisa medidas inmediatas para a preservación dos recursos naturais, especialmente a auga, a terra, a enerxía, a biodiversidade e o clima; abre a discusión sobre a mutación do modo de desenvolvemento social.

Doceava hipótese

O movemento altermundista está sumido nunha reflexión global, de renovación do pensamento da transición e na procura de solucións políticas que correspondan ás diferentes situacións. Propón articular as respostas en función do tempo, a urxencia e a duración; do espazo, do local ao global; das formas de intervención. Impulsa frontalmente as loitas e as resistencias, a elaboración intelectual, a reivindicación das políticas públicas que apuntan á igualdade de dereitos, as prácticas concretas de emancipación. En canto ás escalas de espazo, existen interdependencias entre o local, o nacional, as grandes rexións, o global e o planetario. Cada proposta enfócase en base a cada nivel, xa se trate da hexemonía cultural, as relacións internacionais, económicas, xeopolíticas e ecolóxicas, a democratización, os equilibrios económicos e xeoculturais, o poder político, os Estados e as políticas públicas, as prácticas concretas de emancipación ou a relación entre poboación, territorio e institución. En canto ás formas de intervención, o altermundismo impulsa accións a través de catro modalidades. As loitas e as resistencias permiten defenderse e crear. A elaboración permite comprender o mundo para transformalo. As políticas públicas son un espazo de conflitos e negociacións. As prácticas concretas de emancipación, a todos os niveis, dende o local ao mundial, pasando polo nacional e rexional, constrúen alternativas e prefiguran novas relacións sociais.

O MOVIMENTO ALTERMUNDISTA, FORMADO POLA CONVERXENCIA DE MOVEMENTOS SOCIAIS E CIDADÁNS, PRIORIZA UNHA CULTURA POLÍTICA BASEADA NA DIVERSIDADE E A HORIZONTALIDADE

O modelo de representación política necesita a redefinición da democracia, o rexeitamento da discriminación e da segregación social; expón a reflexión sobre as novas formas de poder e da política. O reequilibrio entre o Norte e o Sur define unha nova xeopolítica do mundo; abre unha nova fase de descolonización. Unha nova regulación mundial redefina o sistema internacional; expón a regulación da transformación social a escala planetaria e a perspectiva dunha cidadanía mundial.

Onceava hipótese

As análises e as propostas discutidas nos foros sociais mundiais utilizáronse, desde o inicio da crise, como argumentos na batalla de ideas. Pero non se impuxeron nas políticas implementadas. O altermundismo, xunto coas recomendacións inmediatas, avan-

za novas propostas que artellan a saída do neoliberalismo e a superación do capitalismo. A crise global reconécese hoxe como unha crise do neoliberalismo; a discusión sobre a crise do sistema capitalista entrou de cheo no ámbito público. As recomendacións inmediatas –control do sistema bancario, regulación pública e cidadá, supresión dos paraísos fiscais, impostos internacionais, etc.– impoñen no debate pero de xeito edulcorado, até ignorado, para non afectar os intereses das clases dominantes. Nos foros sociais mundiais, varios temas articulan as novas orientacións susceptibles de reformas inmediatas e alianzas amplas e as novas aperturas cara a alternativas radicais. Entre estes temas, citemos os do ben común, a gratuidade, o benestar, a desmercantilización, a relocalización, a hexemonía cultural e o poder político, a democratización radical da democracia, a construción dun "universalismo universal", o status político da humanidade, etc.

Como todo sistema, o capitalismo non é eterno. Houbo un inicio e haberá un final. A súa superación é unha cuestión actual. É necesario dende agora comezar a esbozar e preparar o outro mundo posíbel. ●



www.adital.com.br

CONSUMO, LOGO EXISTO

A ledicia é un ben do espírito, nunca dos sentidos, da cobiza ou da arrogancia

Toda ditadura é megalómana. E a que gobernou o Brasil a base de botas e fusís, dende 1964 a 1985, non foi diferente. A construción da autoestrada Transamazónica simboliza a arrogancia do réxime militar.

Cortouse a selva de Leste a Oeste. Abriuse a estrada en paralelo a caudalosas vías fluviais. En lugar de mellorar o sistema de navegación polo río Amazonas e os seus afluentes, a ditadura preferiu obrigar á selva a axeonllarse. Máquinas poderosas derrubaron árbores milenarias de inestimábeis madeiras nobres, esnaquizaron fermosos ecosistemas e alteraron o equilibrio ecolóxico da rexión.

Todo iso en nome dunha palabra tan publicitada e con todo baleira de significado: desenvolvemento. Léase: explotación depredatoria do maior bosque tropical do mundo, aberto á voracidade das compañías mineiras, madeireiras e, sobre todo, do latifundio depredador, case sempre rematando en traballo escravo.

“No medio do camiño había unha pedra”, repetirá Drummond. Os pobos indíxenas. Como impedir que ofrece sen resistencia? Sinxelo: a través da arte de seducir. A Funai levantou tapini (cabanas de follas). Puxeron dentro utensilios de caza e de coíña, ferramentas, etc. Os indios, encantados cos obxectos, acollían xentilmente aos rostros-pálidos. E inxenualmente eran cooptados polas relacións mercantilistas. E a cambio de bagatelas perdían a saúde, as terras, a liberdade e a vida. Un detalle: a selva, non

o gato, comeu a Transamazónica, fonte de riqueza e de poder dunhas cantas compañías de obras públicas.

Hogano os indios somos todos nós. Os tapini, os centros comerciais, a publicidade, as bagatelas.

[...] Estamos todos baixo o efecto hipnótico do consumismo. Non importa se o produto é fráxil ou de mala



calidade. A súa aparencia catívanos. A súa publicidade fainos crer que estamos a mercar a oitava maravilla do mundo.

[...] Como librarse do labirinto consumista que, en verdade, consómese consumíndonos? Non vexo outra porta de saída fóra da espiritualidade, unida a unha visión do mundo. Sen espiritualidade corremos o perigo –sobre todo os máis novos– de dar importancia ao que non a ten. Atenazados pola baixa autoestima que nos inculca a publicidade –“ti non es ninguén porque non tes este

coche, non vistes esta roupa, non fas esta viaxe...–, miramos a mercadoría como algo que nos engade valor. Non basta a camisa, o bolso ou os tenis. Teñen que ser de marca, coa etiqueta visíbel por fóra. Para que, deste xeito, todos os que nos rodean teñan que recoñecer o noso status. E se cadra envexarnos.

[...] É espiritualizada toda persoa cuxo sentido da vida bota raiceiras na súa subxectividade e cuxas opcións son movidas por ideais altruístas. Pois non fai do que posúe –conta bancaria, títulos, casa, auto...– o seu factor de autoestima. Porque sabe que ten valor en si, que non é alimentada pola posesión de bens senón pola súa capacidade de facer o ben aos demais.

[...] O mercado oferta de todo. Todos os seus produtos chegan involucrados en papel de agasallo: se mercamos este coche seremos felices; se bebemos aquela cervexa estaremos ledos; se adquirimos tal roupa sentirémonos xoviais. O único ben que o mercado non oferta nunca é precisamente o que máis buscamos: a felicidade.

[...] Pero a ledicia é un ben do espírito, nunca dos sentidos, da cobiza ou da arrogancia. É feliz quen trata de desvelar o propio ego e conectarse co Transcendente, o próximo e a natureza. Esa irrupción cara a fóra de si mesmo ten nome: amor. E maniféstase nas dimensións persoal, no don de si ao outro, e social, no empeño por construír un mundo mellor. ● [“A arte de seducir”. **Frei Betto, 28/02/11**]

VIENTO SUR

www.vientosur.info

España adora os transxénicos

Os intereses da industria biotecnolóxica e as alianzas políticas para promover os transxénicos tampouco escaparon aos cables de Wikileaks. A finais de 2010, este portal revelaba as conversas mantidas entre a embaixada de Estados Unidos e o goberno español, onde este último pedía a Washington que “presionase Bruxelas a favor dos transxénicos”, á vez que se evidenciaban as relacións estreitas entre a embaixada norteamericana e Monsanto.



[...] Os cables puñan de manifesto a alianza entre ambos os gobernos a favor dos organismos modificados xeneticamente (OMG) e mostraban a súa preocupación ante o veto de diferentes países europeos, como Alemaña, Francia, Austria, Grecia, Luxemburgo e Hungría, ao millo transxénico MON810, propiedade de Monsanto, e polo avance do movemento contra os transxénicos no Estado español.

[...] Por que nos tería que sorprender non só a alianza estratéxica do goberno estadounidense e español a favor dos transxénicos, senón a de ambos os gobernos con multinacionais da industria biotecnolóxica como Monsanto e Syngenta? A información que trascendeu á opinión pública confirma como, unha vez máis, os intereses privados pasan por riba do ben colectivo, dando máis sentido que nunca á consigna de Som o que sembren: “Transxénicos, nin aquí nin en ningún lugar”. ● [“Wikileaks y los transgénicos”. **Esther Vivas, 25/02/11**]

elplural.com

www.elplural.com

E nós, cando nos imos rebelar?

Por mor do silencio dos medios de comunicación resulta difícil decatarse de que no estado norteamericano de Wisconsin os funcionarios asaltaron nada menos que o Capitolio do Estado e que permanecen alí desde hai dúas semanas, mentres manifestacións de 100.000 persoas percorren as rúas en protesta polos recortes que o gobernador ultradereitista do estado pretende impor aos funcionarios en materia de negociación colectiva. É imposible non parar a reflexionar no que significa que non se nos informe puntualmente ou que non se dea importancia nada menos que á toma dun parlamento; e en EUA nada menos. O gobernador Walker quere converter Wisconsin no paraíso neoliberal.



[...] Os traballadores entenderon que alí se xoga moito máis que os soldos, o que se xoga é o marco social do futuro e, en definitiva, o que entendemos por democracia. En canto aquí, a cousa xa vai mal pero non nos enganemos, cando gañe o PP poida que chegue o momento en que teñamos que asaltar algo. ● [“¿Cuándo nos rebelamos nosotros?” **Beatriz Gimeno, 02/03/11**]

IPS: ipsnoticias.net

MATTHIAS MUEHLBRADT



Os microcréditos non fan unha macrodiferenza

[...] Yunus ten fama de superhome que alivia a pobreza ou de Xudas do cambio social, segundo quen o mire. Dende que obtivo o Nobel unha choiva de dúbidas recaen sobre as institucións de microcrédito, cuxos préstamos son acusados de “microcruñas” para a ferida de inequidade mundial.

[...] O microcrédito foi presentado como a panacea contra a pobreza porque se axusta á axenda neoliberal de que o Estado debe deixar de ter participación activa no desenvolvemento”, sinalou Omar Dahi. Pero non pode, de feito, exacerba o problema”. ● [“Microcrédito, salvador ou verdugo”. **Kanya D'Almeida, 02/11**]

CARTA MAIOR: www.cartamaior.com.br

INDYMEDIA MEXICO




Suramérica aguanta moito mellor a crise global

[...] Diante da crise económica internacional, nacida no centro do capitalismo, os países que priorizaron a integración rexional e o desenvolvemento do mercado interno de consumo popular, puideron reaccionar moito mellor, demorar máis a entrada na crise e saír dela máis cedo. Naméntes, un país como o México que, a contramán desa opción, asinou un Tratado de Libre Comercio cos EUA, amarrando o seu destino ao veciño do norte, con quen ten máis do 90% do seu comercio exterior, sofre os duros efectos da fonda e prolongada crise dos EUA. ● [“O outro mundo posíbel na América Latina”. **Emir Sader, 24/02/11**]

PALABRE-ANDO: gustavoduch.wordpress.com

LARRY GONZALEZ



Xurelos de Chile para as vacas e salmóns de Europa

Até hai pouco o xurelo foi o peixe máis habitual nas mesas populares chilenas, cun recetario san e diverso. E unha fonte de traballo para os homes e mulleres do mar. Mais acabou, os andeis dos comercios están sen xurelo ou a prezos incoñibéis. Segundo *Ecoceanos* as súas capturas caeron dende os 4,5 millóns de toneladas en 1994, até 300.000. A causa desta sobreexplotación: o xurelo sabe moi ben nos pensos de alimentación do gando europeo e a invasión dunha nova especie: o *Salmón Cautivus* sp. Comexurelos. Ambas enriquecen a saúde das corporacións. ● [“Pensamiento 46”. **Gustavo Duch, 23/02/11**]

A REVOLTA...: revoltairmandinha.blogspot.com



O Reino de España tamén é un paraíso fiscal

O jornal *El País* recolle que a maior empresa do mundo emprega o Estado español como paraíso fiscal. Exxon Móbil ganhou 10.000 millóns de euros en dous anos sem pagar nem un só peso em impostos. Esta empresa usa unha filial para poder safar-se do “fisco” que em realidade semelha mais bem um cisco. Enquanto o gigante do petróleo engrossa, as carteiras dos traballadores enfraquecen cada vez que enchem o depósito dum combustível cada vez mais prohibitivo. [...] Até quando, oh capitalismo vas abusar da nossa paciência? ● [“Reino de España: paraíso fiscal”. **Antom Fente Parada, 28/02/11**]